

Entrevista

Os días de Borobó

Miguel LOUZA OUTEIRO

Carmen MEJÍA RUIZ



Borobó.

Na súa casa da «Ciudad de los Periodistas» en Madrid recibíunos Raimundo González, «Borobó», o día 29 de xaneiro, un día solto, un día calquera para falarnos dos seus días.

—**Madrygal:** Como foi a súa infancia?

—**Borobó:** Nacín en Pontecesures, que é Terra de Iria, dentro da Provincia de Pontevedra, xa que a Terra de Iria acolle aos de ambas marxes da desembocadura do Ulla, e polo tanto das dúas provincias. A miña familia era de clase media, meu pai foi durante medio século médico daquela zona. Percorreu durante este tempo, primeiro a cabalo, despois en bicicleta e, por fin, en coche todas estas vilas e unha inmensa cantidade de aldeas dos arredores. Todo isto está moi ben descrito por Anxo Angueira, que tamén é da Terra de Iria, nun libro que se titula *Terra de Iria* e subtitúlase *Viaxe ao país de Rosalía de Castro*. Eu digo, ás veces, que nacín, medio de brincadeira, mais é certo, entre Rosalía de Castro (que naceu en Santiago pero estivo en Padrón moito tempo) e La Be-

lla Otero, da que fun un dos primeiros en estudar, e da que, por certo, o ano pasado saíron cinco biografías. E nacín, exactamente, o dez de xullo de 1916, corenta días despois de nacer Camilo José Cela. Eu sempre digo que Cela me leva tres quilómetros, que son os que distancian a súa casa de nacemento e a miña, e corenta días de nacemento e, claro, moita fama e categoría literaria. Fun Vixoteiro, estaba sempre a ver as cousas, ao axexo de todo. Por alí, pola ponte de Cesures, lembro, por exemplo, ver pasar ao Rei Alfonso XIII e a Victoria Eugenia, pouco antes da República, cando estaba a agonizar a monarquía. E poucos anos despois, no trinta e un ou trinta e dous, vin pasar —pola mesma ponte— a Azaña con Casares Quiroga, coas súas respectivas esposas. Tamén vin pasar ao príncipe de Gales, o que foi duque de Windsor.

Tamén ía moito a Padrón oír a Álvaro de las Casas, que viña de Noia, onde dirixía o Instituto, e subíase a unha mesa e íamos escoitar os seus discursos. Creo que, despois de Otero Pedrayo, foi o mellor orador que tivo Galicia.

A miña educación foi moi humilde. Había un mestre que se chamaba Antonio Vázquez Rei, que era o único mestre que había na vila. Aque-la escola masculina era unha universidade popular, onde todos eramos mestres e ensinábamos uns aos outros. O mestre tiña tódolos cursos de maxisterio, de bacharelato, da escola de comercio, incluso de ingreso no seminario. El era mestre nacional e botaba alí desde as nove da mañá ata as doce da noite. Os máis grandes eran os pasantes que nos aprendían a nós, os máis pequenos. E nós dabámoslles clases aos que viñan ao nocturno, que eran homes de trinta ou corenta anos. Ti imaxina, uns ra-

paces con oito e nove anos a ensinarlle as primeiras letras a aqueles homes!

– **Madrygal: E o bacharelato?**

Borobó: Un destes pasantes, que se chamaba Manolo Lobato, foi o que me aprendeu a min, máis que o propio mestre, as materias do bacharelato elemental. Daquela eu estudici no Plan Calleja, na época de Primo de Rivera, no que había o bacharelato elemental e o universitario. O bacharelato elemental era de tres cursos, e eu amañeime e fun bacharel elemental aos once anos. Lembro que non puíden ingresar en xuño porque non tiña os dez anos.

Un día, estando eu verancando cunha tia en Vilagarcía, díname que morrera o fillo do mestre, que era moi amigo meu, dun ataque de apendicite. O mestre botou dous anos chorando e ao verme a min poñíase peor. Daquela tiveron que me ir a outro lado, e o resto do meu bacharelato foi un verdadeiro desastre.

– **Madrygal: E estaba xa convencido en facer xornalismo?**

– **Borobó:** Non, iso foi despois da guerra. A miña avoa, que lle chamabamos mamilola, lía moito, lía o *ABC*, *El Imparcial*, *Faro de Vigo* e *Blanco y Negro*, todos os días. Estaba a calcetar e a ler e eu a cotío nos seus pés. O meu avó tiña toda a Historia de España de La Fuente, a primeira edición, que lín enteira aos dez anos. Lía o xornal e a historia. Meu pai lía *El Pueblo Gallego* e *El Sol*. Eu sabía *El Sol* de memoria.

Antes da reválida do bacharelato, xusto ao se proclamar a República, prepareime en Santiago, na academia Gelmírez. Alí había un profesorado moi heteroxéneo, a algúns paseáronos. Mais só tiveron seis meses normais de clases, polo ano trinta e un. Eu ía todos os días en tren desde a casa a Santiago. Saía ás oito e chegaba ás dez e pico! Era moi duro. Lembro unha vendedora de castañas cocidas á que lle compraba un patacón, que eran dez céntimos, e chegábanme ata Santiago, comendo con calma.

Despois xa comecei a estudar dereito. Mais non me gustaba e non me podía examinar porque non tiña a idade. Así que perdín un ano, mais asistín a clases de un grande profesor, Luis Tobío. Outro era Don Amando Cas-

troviejo, que era moi reaccionario. Foi un ano perdido oficialmente, mais si tiveron boas clases. Despois optei por letras. Na facultade había tres catedráticos nada máis: Moralejo, Bustamante, do que fun alumno predilecto catro anos, e Carmelo Viñas Meis. O resto eran axudantes, auxiliares, etc. O máis importante era Sebastián González García Paz, que tivo que fuxir a Puerto Rico cando a Guerra. Despois déronme unha bolsa para a internacional de Santander no ano 1936, onde me apañou a guerra. Saín o catro de xullo de Galicia, alí cumprín vinte anos e comezou a guerra. Fomos nove de Santiago para Santander. Foi un momento moi bo, mais interrompeuno a guerra. Alí, alén dos amigos galegos, o meu amigo máis íntimo foi Fernando Chueca Coitía, o arquitecto, que tiña cinco anos máis ca min, e que aínda vive. O profesorado era extraordinario, era o mellor de Europa. O rector era Don Blas Carrera, o secretario era Pedro Salinas, que ao estourar a guerra marchou a Estados Unidos porque tiña alá un contrato nunha universidade e máis un amor. Nós, malia a guerra, viviamos nun oasis.

Outro dos bos amigos daquela, que era bolseiro pola Facultade de Dereito de Madrid, era Juanito Barnés, fillo do ministro daquela Francisco Barnés. Ao marchar Salinas, ficou Don José Gaos de secretario. Entón veu Gaos e máis Juanito a recibir ordes do ministro, que decidiu que viñeramos en colectividade a Madrid. Saímos cara a San Sebastián e non puidemos pasar a Francia en coche e tivemos que facelo en barco. Así fomos cara Biarritz e vimos Irún incendiado, foi cando vin eu a guerra. En Biarritz estivemos varios días moi ben porque estábamos da parte de alá.

No programa da Universidade había tres temas principais, nos que estaban os mellores profesores.

No curso de Idade Media tamén intervin Gómez Moreno, que era unha marabilla, iso que xa era vello. Tamén estaba un profesor alemán que se chamaba Lansberg, que era xudeo de raza e católico de relixión. Había as grandes figuras que daban as leccións, e despois había unha serie de titores que eran da categoría de Gaos.

Despois, entre os que viñamos de Galicia, a metade pasou ao lado nacional, coma Enrique Otero, e os outros seguimos.

No ano 1936 os que non tiñamos domicilio en Madrid aloxáronnos na residencia de estudantes do Pilar. Eu fun o último en saír de alí, onde estaba de titor Moreno Villa que escribía en «El Sol», e colleume moito agarimo.

–**M. Estivo na Fronte?**

–**B.** Si. Cada sindicato organizaba un batallón. Todos os socialistas, comunistas, etc, pertencían ao «Quinto Regimiento», que máis que unha unidade de combate era un centro de creación de batallóns. Un deles era o da «Unión General de Trabajadores», chamado «Batallón Félix Barceña», que tiña como comisario ao propio Director Xeral do Ensino. Aí entraron moitos dos que estiveran comigo en Santander. Ao entrarmos en activo na Infantería, moi pouco, por fortuna, xa que senón no contabamos. Un día deronnos unha liña de bombas de man para saír do parapeto e tiñamos diante, a cen metros, unha liña de Guardia Civil, pero veu a néboa e salvámonos, senón non a contabamos. Daquela veu a orde de que pasáramos á Artillería da Primeira Internacional, e alá fomos, entre outros, Prados Arrate, Catedrático de Facenda. O grupo era de hispanos e revolucionarios italianos, que tiñamos ao mando como capitán a Federico Bonet Marco, que era director do Instituto de Chamartín, entre outras cousas. Tamén estaba Juanito González del Valle que era Catedrático de Literatura en Chamartín.

Outros eran Franco-Belgas, outros Alemáns, Checoslovacos... todos de combatentes comunistas. Á fronte de todos estes grupos estaba un tenente coronel mexicano, e para entenderse con todos falaba Prados Arrate que era poliglota, que despois foi xefe do Estado Maior.

En definitiva, aqueles primeiros meses estivemos pola zona de Madrid, e na batalla de Brunete debutei de comisario, do que fixen durante ano e pico.

–**M. Canto tempo estivo na Fronte?**

–**B.** Desde novembro do 36 ata que acabou a guerra.

–**M. Era moi novo, non?**

–**B.** Fun comisario con vinteún anos. Ao acabar a guerra tiña que ocupar un cargo, Xefe

de Servicios de Información de Artillería, e non puideron ser porque acabou a guerra e porque me meteron no Campo de Concentración, que era no que ía ser o manicomio de Alcalá de Henares. Alá estivemos bastantes meses. Fun a Consello de guerra e por casualidade, quizais polo caciquismo galego, salveime. O xuíz que me xulgou era dos Artime, dunha familia que tiña bastantes relacións. Eu o único que souben foi que fun «sobreseído». Estiven un ano no Campo de Concentración, e despois tiveron que facer o servizo militar en África, que acabei en novembro do 42.

–**M. Cando volve a Galicia?**

–**B.** Un tío meu que tiña negocios en Zaragoza acolleume na súa casa. Alí estiven unha boa temporada e onde o pasei moi ben, porque me coincidiu co milenario do Pilar, que ía presidir o mariscal Petain, mais coa caída de Francia non puido vir. Alí tamén coñecín ao meu mellor amigo de toda a vida: Manuel Blanco Tobío, que foi un xornalista excepcional, aquel encontro para min foi moi importante para o resto da miña vida. Cando el dirixiu *Arriba* colaborei eu nunha sección literaria chamada «El Callejón del gato».

–**M. Volveu a Galicia ou a Madrid?**

–**B.** Daquela veño a Madrid e comezo os anos de bohemia, moi austera e humilde. Busquei unha pensión «La Morena» que estaba fronte ao Ateneo, para estar no Ateneo. Alí estiven entre o 43 e o 46. Eu enmagrecía un quilo ao mes, e ao voltar a Galicia recuperábao. Dedicueime á vida bohemia e literaria e comecei a colaborar na prensa. En *La Estafeta Literaria* escribín un artigo sobre os primeiros premios Nadal que gañara Carmen Laforet, e eu coñecía a todos, coma Xosé María Álvarez Blázquez, o grande galego; En *Fantasia*, que levaba directamente Blanco Tobío, que era mensual e que publicaba en cada número unha obra de teatro, un guión de cine, un libro de poesía, unha novela curta e poemas soltos. Publicaba a escritores maiores e novos, coma min, que publiquen alí unha obra de teatro, que ninguén representou e que non volveu editarse, chamada *Elección Parcial*. Eu era un especialista en temas ingleses, era moi anglófilo. Tamén colaborei en

El Español de Juan Aparicio, publiquéi cousas como «Valle Inclán en Compostela». Tamén escribín na terceira páxina do *Madrid*, onde escribían escritores de moita fama.

Á, daquela, á **Clac**, e un día na estrea de **Agua, aceite y gasolina** de Jardiel Poncela, e eu en vez de aplaudir protestei e montei un balbordo enorme. O xefe da **Clac** era tamén o xefe do *Madrid*.

O caso foi que escribín alí «Un neto de Rothschild morre en Madrid» polo que perdín, tamén, aquela colaboración. Cadrou que era polo Nadal, e como xa colaboraba cos xornais de Santiago. Coñi, o fundador de *La Noche* e o director de *El Correo Gallego*, convidoume a ficar alí. Eu xa comezara publicar os meus «Anacos» o primeiro de febreiro do ano corenta e seis, xusto o día que se fundou *La Noche*.

M. Así ficou instalado en Galicia?

–B. Fíquei. Desde o primeiro de xaneiro do 47 fíquei en Santiago. Primeiro como colaborador. Despois Coñi, o director, veu no 55 como Conselleiro Delegado da Editorial Castilla. Eu levaba *La Noche* e el estaba aquí e nos anos sesenta fixéronme director. O xornalista Augusto Assía tentou comprar o xornal e daquela esixiu que se me nomease director. No 65, xa morrera Coñi, que era o meu valedor, e mudou a empresa e destituíronme. Tiven un preito con Feliciano Barrera, que pasou a ser o dono, que chegou ao Supremo, en fin... E despois volvin para terminar a miña vida xornalística onde case a comezara. Estiven dezaoito anos en *La Noche*, e vin para a *Diario Tres E*, no ano 65. Cando veu Blanco Tobío vivín con el, e xa non facía nin a cama, como eu ia botando os xornais debaixo dela ía tendo máis altura... e el cada semana levaba a roupa á lavandería, e así estiven case un ano de bohemia, despois xa veu a familia.

No xornal económico *Diario Tres E*, fun primeiro subdirector e despois editorialista, e tiña que facer os editoriais do único xornal económico do país, e dar a pauta económica do país e eu non sabía nin unha palabra de economía. O meu segredo era comer un ovo cocido cun chato de viño e un anaco de pan para inspirarme e escribir os editoriais. Así estiven tres anos ata que desapareceu o xor-

nal porque era oposto a López Rodó e compañía, que dictaban daquela as cuestións económicas. Cadrou isto que lle deran a dirección do *Arriba*, a Blanco Tobío e encargoume unha sección chamada «El Callejón del Gato», que non firmaba Borobó, nin Julio Sierra, que era outro dos meus pseudónimos, senón co meu heterónimo que era Anxelo Novo, como os de Machado, Pessoa, etc. Este heterónimo naceu no 45 e ten agora 57 anos polo que aínda segue vivo. Escribín esta sección durante catro anos.

–M. De onde ben o de Borobó?

B. Era un tatexo, foi o primeiro que dixen. En vez de papá e mamá dixen «borobó». Eu chamáballe Borobó aos mendigos, aos barbudos, etc, e de tanto chamar Borobó meu avó comezoume a chamar e xa me quedou, e cando comecei en *La Noche* empregueino para asinar.

Hai outra versión: eu tiña un amigo que me levaba seis ou sete anos que vivía diante da miña casa que se chamaba Salvador. Era un neno moi listo. Un irmán deste díxome, posteriormente, que era unha maneira de eu dicir Salvador. E don Salvador García Pruneda embaixador de España e novelista, que comiamos xuntos moitas veces, díxome que en Valencia e Andalucía lle chaman Boros aos Salvadores, daquela pode ser...

–M. E xa se instala en Madrid e colabora en todos os actos sobre Galicia. Para vostede Galicia que é desde Madrid?

–B. Para min é coma se continuase a vivir en Galicia. Eu inventei a palabra MadriGalicia, así poño no fin dos meus artigos.

–M. Ou sexa que vostede non é un exiliado galego en Madrid?

–B. Non, eu estou en Galicia en Madrid. Por outra parte teño unha raíz madrileña, xa que creo que fun enxendrado en Madrid, cousa que ten máis importancia do que se pensa. Eu son o produto dunha viaxe de vodas... porque meus pais estiveron aquí de lúa de mel. Ademais fixen a guerra en Madrid...

–M. **Que pensa do que está a acontecer en Galicia neste momento co asunto do «Prestige»?**

–B. Todo este tempo vivín nunha maré negra na miña cabeza que me producía ata un mal estar físico. E tamén dunha maré negra de tinta, de prensa que me enchía o meu leito de dor. Eu só escribín un artigo en *A nosa Terra*, onde botei en falta a existencia do Ministerio de la Marina, ou mellor, Ministerio del Mar. E puxen como exemplo ó primeiro ministro da

República Santiago Casares Quiroga, que era coruñés e pregunteime que faría el nese caso. Esta foi a situación máis grave que viviu Galicia nos meus oitenta e seis anos e en toda a historia seguramente, agás a guerra e a terrible represión.

M. Moitas gracias pola súa amabilidade e polas súas palabras. Moitas gracias polo seu tempo, e por compartillar con *Madrygal* os seus días que agardamos sigan a ser tan intensos e plenos coma sempre.